



TEXTOS

Canon

- Xeralmente, denomínase ►*canon*◄ a un conxunto de obras dotadas de autoridade. O concepto así entendido comezou a usarse vinculado coa [Biblia](#) no século IV d. C. Incluíanse no ►*canon*◄ todos os libros que a Igrexa católica consideraba sagrados. Pola contra, denominábanse [apócrifos](#) os libros que seguían a forma e o asunto daqueles que conformaban o ►*canon*◄, pero que carecían de autenticidade oficialmente recoñecida.
- Na cultura grega clásica xa existían os canons, ou listas selectivas de autores. Cara a metade do século IV a. C. xa se consideraba en Atenas que Esquilo, Sófocles e Eurípides configuraban o "►*canon*◄ trágico", pero as primeiras listaxes autorizadas de poetas, filósofos, dramáticos, historiadores, oradores, etc., realizáronas na época helenística os filólogos Aristófanes de Bizancio e Aristarco, nos séculos III e II a. C. Esta selección de autores denomínase ►*canon*◄ *alexandrino*.
- O primeiro ►*canon*◄ non bíblico medieval foi o dos denominados Padres da Igrexa, seguida dos *auctores* medievais (listaxe de autores obxecto de estudo, tanto cristiáns como pagáns). Estas seleccións de obras permaneceron sen conflito até o xurdimento das linguas vernáculas durante o Renacemento, circunstancia que motivou as primeiras aplicacións do termo ►*canon*◄, en primeiro lugar, ao conxunto de obras que se podían atribuír lexitimamente a un autor determinado, pero tamén ao grupo de obras máis estimadas institucionalmente no contexto dunha cultura dada.
- O ►*canon*◄ literario percíbese como unha totalidade estática, se ben aberta. As calidades ou circunstancias que fan que unha obra se inclúa no ►*canon*◄ constitúen a súa canonicidade. Convencionalmente, a canonicidade dunha obra estabelécese mediante un consenso de xeracións sucesivas de lectores e de críticos, así como polo grao de influencia na literatura posterior. Segundo este punto de vista, unha obra merece un posto no ►*canon*◄ se continúa a ser lida e apreciada en contextos diferentes.
- Algunhas circunstancias históricas poden determinar a formación do ►*canon*◄ literario, como por exemplo a fortuna de transmisión oral anterior á imprenta, os efectos da [censura](#) e mesmo cuestións de dispoñibilidade das obras publicadas. Así mesmo, a formación do ►*canon*◄ a miúdo está baixo o control dunha cultura oficial que favorece as obras que secundan os valores ideolóxicos, relixiosos e estéticos propios da tendencia dominante. Deste xeito, o ►*canon*◄ está inserto nunha cultura e promove os modelos autoorganizadores desa actividade cultural. Neste sentido, dende a [crítica feminista](#) e, en xeral, dende os denominados [estudos culturais](#), sublíñase que o ►*canon*◄ literario favorece os homes europeos de raza branca e das clases media e alta e que exclúe os escritores doutras culturas e razas e as mulleres en xeral.


Preguntas

- ¿Qué hace que una obra sea canónica?
- ¿Cómo son la mayor parte de obras presentes en bibliotecas, libros de texto, universidades...?
- ¿Es fácil leer obras de fuera del canon?
- ¿Tiene que ver el canon con la sociedad?
- ¿El canon es único?

Como é o canon actual para a literatura?

- Literatura europeia.
- Literatura branca.
- Escrita por homes.
- Cisgénero.
- Heterossexual.

Algunhas lecturas



*Dame la mano y danzaremos;
dame la mano y me amarás.
Como una sola flor seremos,
como una flor, y nada más...*

*El mismo verso cantaremos,
al mismo paso bailarás.
Como una espiga ondularemos,
como una espiga, y nada más.*

*Te llamas Rosa y yo Esperanza;
pero tu nombre olvidarás,
porque seremos una danza
en la colina y nada más...*

Gabriela Mistral

- Chile, 1889.
- Nada nun pobo, foi mestra rural autodidacta.
- Muller, mestiza, lesbiana.
- Gañou o Nobel en 1945.
- Como chega a formar parte do canon?



Somentes
intentaba conseguir
deixar na terra
algo de min que me sobrevivise

sabendo que debería ter sabido
impedirme a min mesmo
descubrir que só fun un interludio
atroz entre dous muros de silencio

só puiden evitar vivindo á sombra
inocularlle para sempre a quen amaba
doses letais do amor que envelenaba
a súa alma cunha dor eterna

sostituíndo o desexo polo exilio
inicieei a viaxe sen retorno
deixándome levar sen resistencia
ao fondo dunha interna
aniquilación chea de nostalxia.

Lois Pereiro

- Monforte de Lemos, 1958; A Coruña, 1996.
- Drogadicto; contaxouse de VIH.
- Se lle adican as Letras galegas no 2010.
- Forma parte do canon?



Sé que más allá de la muerte
está la muerte,
sé que más acá de la vida
está la estafa.

Sé que no existe el consuelo
que no existe
la anhelada tierra de mis sueños
ni la desgarrada visión de nuestros héroes.

Pero
te seguimos buscando, patria,
en las traiciones del recién llegado
y en las mentiras del primer cronista.
Sé que no existe el refugio del abrazo
y que Dios es un estruendo de hojalata.

Pero
te seguimos buscando, patria.

Reinaldo Arenas

- Cuba (1943); EEUU (1990).
- Disidente político.
- Homossexual; foi encarcerado em Cuba.
- Suicídase em EEUU, tras lograr escapar de Cuba.
- *Antes que anocheza.*



Conclusións

- Pódese modificar o canon?
- Que ten que pasar para que cambie?
- Exercicio:

Realiza un comentario crítico explicando en que consiste o canon,
e que medidas se poden levar a cabo para cambialo.